

A NATUREZA DO MISTERIO.

Farei aquilo que nunca debe facer un texto proemial: descubrirei o final. Pero quizais a graza do caso radica no feito de que, aínda que diga o final, non desentrañarei o misterio. Porque a natureza do misterio é doutra orde.

Ó final, óese un tiro. Entre caixas, como en *A gaivota* de Chékhov. Un tiro por toda conclusión. Cúmprese así un vello mandamento da dramaturxia: que nada máis ten valor sacar un arma a escena se vai ser usada antes do final. A arma convértese desta maneira nada máis na expectativa do seu uso. As únicas incógnitas son a vítima e o vitimario, pero non o feito da violencia, presente no escenario desde o momento que compareceu a arma.

¿Pero é certo que este tiro —o do texto de Afonso Becerra que lerán a continuación— resolve algo? ¿É comparable ó de Chékhov? ¿É o signo claro dun suicidio, a constatación dunha derrota? Non. Este tiro non resolve nada. Oímolos, pero non podemos estar seguros daquilo que pasou entre caixas. O tiro quere dicir morte, é probable, quizais ata sexa seguro, pero iso non quere dicir que toda esperanza de vida estea perdida. ¿Verdade que non?.

Iso si, o que é certo é que a figura mortal do pai permanece viva, dereita, no medio do escenario, ocupándoo enteiro, imposibilitando a vida coa súa presenza. E o que é seguro é que entre caixas, e máis aló do escenario, a noite continúa. O tempo aínda non chegou á alba. Non hai maneira de saír do país dos ananos.

Nunha primeira lectura irritoume a referencia explícita á “Longa noite de pedra”, de Celso Emilio Ferreiro, parecíame unha concesión á facilidade nun texto que oscilaba entre a densidade excesiva e o lugar común. Custoume darme conta que non era así, que finalmente o misterio do desenlace equilibra a balanza, e fai que a obra, finalmente, sexa redonda. Contención na escritura, alta densidade de símbolos fáciles de ler, e ó final ese tremer que o disparo deixa na pel, ese estremecemento da incerteza. Non tiña razón a miña primeira lectura. Non é un texto que se libre facilmente á lectura, e pedirá sensibilidade e intelixencia no escenario. Porque non hai nada que sexa obvio detrás da súa sinxeleza.

Cunha economía máxima de recursos, unha linguaxe escénica que non ten medo de reivindicar a vixencia da herdanza simbolista e unha voz dramática que parte da trivialidade da fala cotiá para desembocar na plural densidade de significacións da poesía, o texto de Afonso Becerra eríxese nunha proposta singular no panorama das escrituras dramáticas ibéricas actuais. É un texto que quere ser cifra de aspectos centrais do tempo que o fai posible, pero non xoga a carta do formalismo estéril, nin da parábola política, nin da comedia de costumes. A escritura de Afonso dótese dos recursos necesarios para enfrontarse a un aspecto importante da paisaxe

emocional da súa xeración e da súa época, e por iso xoga a carta da expresión oblícuca e da linguaxe densa. Pero o retrato que obtén é implacable.

E é que hai unha rara sabedoría nesta escritura aínda temperá: a sabedoría que a natureza do misterio é a natureza da vida, e que facela posible é e será a clave de calquera futuro desexable. A sabedoría de construír con todo isto carne de escenario.

JOAN CASAS.

Institut del Teatre de Barcelona.

Poeta, dramaturgo, ensaísta... (home de teatro).